

# violencia de xénero en mulleres maiores

DOCUMENTO DE CONSULTA PARA OS PROFESIONAIS  
DOS CENTROS DE MAIORES DA REDE DA XUNTA

**QUE É A VIOLENCIA DE XÉNERO | 3-7**

**DETECTALA EN PERSOAS MAIORES | 8-19**

**RECURSOS A DISPOSICIÓN | 20-30**

**MARCO XURÍDICO | 31-37**

**QUE É A VIOLENCIA DE XÉNERO**

## VARIOS TIPOS DE VIOLENCIA

No ano 1995 a Organización das Nacións Unidas (ONU) introduciu entre os seus obxectivos a loita contra a violencia sobre as mulleres. No ano 1998 a Organización Mundial da Saúde (OMS) recoñeceuna como un problema de saúde pública, de xeito que pasou a considerarse un factor importante no deterioro da saúde.

A violencia de xénero é definida pola ONU como “todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter coma resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se produce na vida pública como na vida privada”.

Dúas características da violencia de xénero son a estruturalidade e a instrumentalidade. É estrutural porque non está relacionada con características individuais, senón que acontece polo feito de que a súa vítima sexa muller. Trátase dunha crenza universal, compartida por culturas de todo o mundo, na que o home é considerado un ser superior e a muller a súa posesión. Neste contexto social créase unha atmosfera de violencia, na que a mesma é empregada como instrumento para dominar e acadar o control masculino sobre o colectivo das mulleres.

No ano 2018 rexistráronse 31.286 mulleres vítimas de violencia de xénero correspondentes aos asuntos nos que se ditaron medidas cautelares ou ordes de protección, o que supuxo un aumento do 7,9 % respecto do ano 2017. Case a metade das vítimas (47,3 %) tiñan entre 25 e 39 anos. A súa idade media era de 36,5 anos. Os maiores aumentos do número de vítimas producíronse entre as mulleres de 60 a 64 anos (15,1 %) e de 18 a 24 anos (10,9 %).

Respecto á taxa de vítimas en relación coa poboación total de mulleres, esta acadou o máximo nivel no intervalo de 25 a 29 anos e de 30 a 34 (con 3,5 vítimas por cada mil mulleres en ambos casos). Por detrás situáronse os intervalos entre 20 e 24 anos (3,2 por cada mil) e entre 35 e 39 anos (3,1 por cada mil).

Dentro da violencia de xénero é preciso diferenciar varios tipos, que aquí figuran segundo a súa definición no ordenamento galego:

1. Violencia física. Inclúe calquera acto de forza contra o corpo da muller, con resultado ou risco de producir lesión física ou dano,

exercida por quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivese ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia. Igualmente, terán a consideración de actos de violencia física contra a muller os exercidos por homes do seu contorno familiar ou do seu contorno social e/ou laboral.

**2.** Violencia sexual e abusos sexuais. Inclúen calquera acto de natureza sexual forzada polo agresor ou non consentida pola muller, e que abarcan a imposición, mediante a forza ou con intimidación, de relacións sexuais non consentidas, e o abuso sexual, con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella, afectiva ou de parentesco coa vítima.

**3.** Violencia psicolóxica. Inclúe toda conduta, verbal ou non verbal, que produza na muller desvalorización ou sufrimento, a través de ameazas, humillacións ou vexacións, esixencia de obediencia ou submisión, coerción, insultos, illamento, culpabilización ou limitacións do seu ámbito de liberdade, exercida por quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivese ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia. Igualmente, terán a consideración de actos de violencia psicolóxica contra a muller os exercidos por homes do seu contorno familiar ou do seu contorno social e/ou laboral.

**4.** Violencia económica. Inclúe a privación intencionada, e non xustificada legalmente, de recursos para o benestar físico ou psicolóxico da muller e das súas fillas e fillos ou a discriminación na disposición dos recursos compartidos no ámbito da convivencia de parella.

**5.** Acoso sexual. Inclúe aquelas condutas consistentes na solicitude de favores de natureza sexual, para si ou para unha terceira persoa, nas que o suxeito activo se prevale dunha situación de superioridade laboral, docente ou análoga, co anuncio expreso ou tácito á muller de causarlle un mal relacionado coas expectativas que a vítima teña no ámbito da devandita relación, ou baixo a promesa dunha recompensa ou dun premio no ámbito desta.

**6.** A trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.

**7.** Calquera outra forma de violencia recollida nos tratados internacionais que lesione ou sexa susceptible de lesionar a dignidade, a integridade ou a liberdade das mulleres.

O principal factor de risco para ser vítima de violencia de xénero é ser muller, obviamente, pero existen outros secundarios relevantes:

- 1.** A idade. En idades avanzadas destaca a ocultación e a naturalización da violencia, polo que resulta máis complexo demandar axuda e saír dunha relación abusiva.
- 2.** A ruralidade. O tamaño do municipio e a localización poden afectar ao illamento das persoas, dando lugar a un menor acceso á información e aos recursos dispoñibles para poder detectar a violencia de xénero e loitar contra ela. Ademais, nestes ámbitos é máis probable que as persoas conserven valores ou actitudes máis tradicionais con respecto ás relacións de xénero. Polo tanto, existe unha gran dificultade para saír da violencia.
- 3.** O estatus de emigrante. Un factor de risco contrastado, pero sobre o que aínda queda moito por investigar.
- 4.** A situación de dependencia. Todos os estudos alertan de que constitúe unha situación de vulnerabilidade, pero hai que evitar a confusión dos casos de violencia de xénero cos asociados ao estrés do coidador.
- 5.** A situación económica. Cando as persoas maiores dispoñen de escasos recursos económicos límitase a súa posibilidade de acceder a servizos asistenciais de calidade, dando lugar á dependencia económica da familia e, por tanto, á ausencia de autonomía, o que pode derivar nunha relación de sumisión familiar.
- 6.** A discapacidade. A prevalencia de violencia física, sexual ou psicolóxica por parte da parella actual ou anterior é maior nas mulleres que teñen unha discapacidade acreditada (23,3 %) que nas restantes (15,1 %).
- 7.** A relación abusiva no pasado. É unha condición que aumenta a posibilidade de repetir o patrón. Este factor relaciónase coa dificultade de saír do rol de vítima.

A Estratexia Nacional para a Erradicación da Violencia contra a Muller 2013-2016 considera por primeira vez ás mulleres maiores de 65 anos como grupo especialmente vulnerable á violencia de xénero.

Neste documento ponse o foco neste colectivo. Máis concretamente, preténdese abordar a violencia de xénero que hipoteticamente puideran sufrir as mulleres usuarias dos centros residenciais, ben por parte das súas parellas actuais como por parte de parellas anteriores, tanto

no caso de relacións previas ao ingreso nos centros como en relacións coas parellas que poidan formarse nas propias instalacións. Hai que ter en conta tamén ás mulleres que abandonan o centro cada tarde para durmir na súa vivenda.

**DETECTALA EN PERSOAS MAIORES**

---

## INTRODUCCIÓN

O progresivo aumento da incidencia e a prevalencia de casos, a gravidade e as secuelas deste tipo de violencia fan que detectar a violencia de xénero sexa unha das prioridades nos programas de saúde.

O primeiro paso é entender as características que definen cada colectivo, aínda que o propio Ministerio de Sanidade advirte de que as mulleres maiores de 65 anos non forman un colectivo homoxéneo, senón que existe unha gran diversidade entre todas elas.

## A MULLER MAIOR

É costume establecer a entrada no grupo das “persoas maiores” aos 65 anos de idade, dado que este é o momento no que a maior parte das sociedades occidentais sitúan o inicio da xubilación e, como consecuencia, o inicio dunha nova etapa vital. Porén, dado o aumento da esperanza de vida, os autores xa comezan a describir a “cuarta idade” como unha etapa da vida que se inicia nos 80 anos.

Segundo os datos estatísticos do padrón continuo do Instituto Nacional de Estadística (INE), a 1 de xaneiro de 2018 había en España 8.908.151 persoas maiores de 65 anos, un 19,1 % sobre o total da poboación, que era de 46.722.980 persoas. A idade media da poboación era de 43,1 anos, fronte aos 32,7 de 1970, o que reflexa un progresivo proceso de envellecemento.

En 2018 a galega era unha das comunidades máis envellecidas (24,9 %), por detrás de Asturias e de Castela e León. Segundo as proxeccións do INE, en 2068 podería haber máis de 14 millóns de persoas maiores, un 29,4 % do total dunha poboación que acadaría os 48.531.614 habitantes.

Destaca tamén a feminización da vellez, dado que as mulleres son moi maioritarias dentro deste colectivo, superando nun 32 % (5.068.440) aos homes (3.839.711), e esta característica é mais acentuada canto máis avanzada é a idade.

No referido a violencia ou maltrato en termos xerais, o perfil máis común da vítima é o dunha muller, maior de 75 anos, cunha autonomía limitada e cunha situación social caracterizada polo illamento. O máis habitual é que o agresor sexa a parella da vítima (40 %).

Aínda que nos estudos parece constar unha idea aceptada de dita tipoloxía, é ben certo que os expertos acostuman realizar as investigacións obviando a perspectiva de xénero. De feito, entre os especialistas do ciclo evolutivo da vellez tende a aceptarse a idea de que, no caso das mulleres dependentes que sofren maltrato, cando o seu coidador é unha parella masculina, a situación de maltrato débese ao “estrés do coidador”. Así, unha situación de violencia de xénero pode quedar agochada por unha situación de estrés, levando a xustificar en certa maneira a actuación do coidador.

Dado este risco, é moi importante discernir cal é o tipo de violencia presente e cales son as causas ou motivos que a sosteñen, tendo en

conta sempre que ningún tipo de violencia é xustificable, pero que se queremos actuar sobre a de xénero temos que saber recoñecela adecuadamente.

Segundo a macroenquisa sobre violencia contra a muller do 2015, entre as mulleres maiores de 65 anos o 6,1 % sufriron violencia física ou sexual cando menos unha vez na vida, o 17,9 % violencia psicolóxica de control e o 9,9 % violencia económica.

A maior parte dos estudos remarkan o feito de que entre as mulleres de avanzada idade a violencia psicolóxica é mais habitual que a violencia física ou a sexual, xa sexa porque sempre sufriron este tipo de maltrato ou ben porque, a medida que a idade do agresor aumenta, decrece a súa forza para inflixir certa clase de dano. Algúns exemplos de violencia psicolóxica son o control, os ciumes e a posesión, ameazas de morte, agresividade na linguaxe e mediante obxectos, falta de atención por parte do coidador...

O colectivo das mulleres maiores vítimas de violencia de xénero caracterízase pola asunción dunha diferenza marcada de roles na parella, polo medo a quedar soas e por ter unha situación cultural e económica máis dependente. Tamén destaca a falta de información que teñen acerca dos seus dereitos e das axudas das que dispoñen, dificultando o feito da denuncia. A súa dependencia tamén adoita relacionarse con certo grao de illamento e carencia de apoios. Tradicionalmente forman parte de xeracións con crenzas e coñecementos distintos sobre o abuso. E, dado que en ocasións experimentan situacións de abuso continuado, tenden a ocultar o problema, o que non fai outra cousa máis que perpetualo e garantir o seu enquistamento. Se ben noutras idades o obxectivo das mulleres é romper o círculo de violencia e rematar coa relación de parella, nas mulleres maiores, cando deciden buscar axuda, tenden a minimizar os problemas e a non tratar de poñer fin á relación.

Deste xeito, as mulleres vítimas de violencia de xénero de 65 e máis anos acoden en menor medida á policía ou aos xulgados (22,2 %) que as mulleres máis novas (29,6 %). Ademais, utilizan menos os servizos de axuda (médicos, psicolóxicos, sociais e de asesoramento legal): un 33,8 % fronte ao 46,8 %. Con respecto á comunicación da súa situación ás persoas do seu contorno, as de 65 e máis anos admítana en menor medida (62,7 %) que as de menos de 65 (77,8 %).

Outras consideracións a ter en conta son as seguintes:

1. Dobre discriminación. É un termo semellante a idea de “interseccionalidade”, no que se trata de remarcar a confluencia de dúas

características nunha mesma persoa que poden levar a dous tipos de discriminación: por sexo e por idade.

- 2.** Cronificación e normalización da violencia de xénero. Ao ser persoas maiores de 65 anos, podemos estar ante mulleres que manteñen relacións de longa duración, polo que é posible que mostren sentimentos de indefensión, incapacidade e impotencia, o cal lles impide buscar alternativas para cambiar a súa situación. Esta característica é un dos factores diferenciais máis destacados na violencia de xénero contra as mulleres maiores. De feito, unha situación de maltrato prolongada pode producir ata unha perda de identidade.
- 3.** Protección dos seus fillos. En ideades máis temperás as vítimas poden asumir a necesidade de ter un contorno estable para os seus fillos e, polo tanto, a imposibilidade de marchar do seu fogar.
- 4.** A idade. Polo comentado anteriormente, non soamente se trata da normalización da violencia, senón que pode predominar unha idea de que xa é demasiado tarde para facer nada.
- 5.** O medo. Non só con respecto ao agresor, senón tamén con respecto ao descoñecido e a ter que empezar a vivir de novo.
- 6.** A vergoña de expresar o acontecido nas súas vidas. E, asociada, a baixa autoestima como resultado da violencia experimentada.
- 7.** Crenzas relixiosas. As vítimas poden asumir a idea de que o matrimonio é para toda a vida e que, aínda que estean sufrindo, non poden facer nada máis. Estímase que a partir dos 50 anos as mulleres non van buscar axuda ou vano facer con menor intensidade para o abuso ou maltrato que están a vivir.
- 8.** Dependencia económica. Se nun primeiro momento é unha razón pola que non cren poder abandonar o seu fogar cos seus fillos e fillas, nun momento máis avanzado trátase de non querer ser unha carga para os mesmos.
- 9.** Dependencia do agresor. Adoita ser económica, pero tamén existe unha dependencia emocional que apela a modelos específicos de xénero e á responsabilidade de compromiso co matrimonio.
- 10.** Contorno familiar. Nos casos nos que as mulleres non teñen apoio ou incluso en situacións nas que poden verse culpabilizadas

polos seus seres queridos, dado o seu desexo de cambiar a súa vida, é moito máis difícil que poñan fin á relación de violencia. Así, pode darse a situación de que os seus propios fillos valoren non o benestar da súa nai, senón a situación na que quedaría o seu pai se ela marchase.

**11.** Falta de información sobre os sistemas de apoio, normativa, dereitos e servizos de axuda existentes. O coñecemento da muller maior sobre a normativa de protección ante a violencia de xénero acostuma ser menor, aspecto que dificulta a busca de axuda. A isto hai que sumarlle a desconfianza que poden presentar ante o sistema xudicial e cara aos profesionais.

**12.** Educación-socialización. As experiencias vividas por estas persoas maiores de 65 anos, dado que pertencen a outras xeracións, son moi diferentes; viviron contextos socioculturais e políticos distintos nos que a posición da muller quedaba supeditada aos homes.

Agora ben, aínda que estamos tratando de establecer un “prototipo” co fin de facilitar o recoñecemento e o entendemento dunha situación de violencia de xénero, non hai que esquecer que non existe unha única historia de maltrato: cada historia é única.

## CONSECUENCIAS DO MALTRATO

É imprescindible remarcar as consecuencias da violencia de xénero. Poden aparecer en calquera muller, aínda que un número crecente de estudos demostran que as mulleres maiores teñen máis problemas de saúde, ansiedade e somatización, e utilizan máis medicamentos.

Entender as consecuencias pode facer máis doado detectar ás mulleres que experimentaron ou están a experimentar este tipo de violencia, e tamén adaptarse ás súas necesidades. As consecuencias xerais poden ser:

- 1.** Consecuencias fatais: morte (por homicidio, suicidio, etcétera).
- 2.** Consecuencias na saúde física: lesións diversas (contusións, traumatismos, feridas e queimaduras), deterioro funcional, síntomas físicos menos específicos como cefaleas ou empeoramento da saúde.
- 3.** Consecuencias en condicións crónicas de saúde: dor crónica, queixas somáticas, síndrome do intestino irritable e outros trastornos gastrointestinais.
- 4.** Consecuencias na saúde sexual e reprodutiva:
  - A.** Por relacións sexuais forzadas: perda de desexo sexual, trastornos menstruais, enfermidades de transmisión sexual, sangrado e fibrose vaxinal, dispareunia, aversión ao sexo, dor pélvico crónico, infección urinaria, embarazo non desexado.
  - B.** Por maltrato durante o embarazo: hemorraxia vaxinal, ameaza de aborto, morte fetal, parto prematuro, baixo peso do pequeno.
- 5.** Consecuencias na saúde psíquica: depresión, ansiedade, trastornos do sono, trastorno por estrés postraumático, trastornos da conducta alimentaria, intento de suicidio ou abuso do alcol, drogas e psicofármacos.
- 6.** Consecuencias na saúde social: illamento social, escasas relacións e actividades máis aló do ámbito familiar. Tamén perda de em-

prego, absentismo laboral e redución do número de días de vida saudable.

## INDICADORES DE MALTRATO

Os profesionais dos centros deben ter sempre en conta unha serie de indicadores de sospeita tralos que se pode agochar unha situación de violencia de xénero.

Débese prestar atención á actitude tanto da muller como da súa parella, se a ten nese momento. Ela pode mostrarse nervosa, triste, desesperanzada, con sentimentos de vergoña... Pode tamén utilizar unha roupa determinada coa intención de cubrir as lesións e, en caso de estar a parella presente, buscar sempre a súa aprobación para cada resposta. Pode mostrar medo cara á parella, non querer responder ás preguntas, cambiar o comportamento cando a parella sae da habitación, e manifestar sentimentos de soidade e baixa autoestima, así como describir á parella como unha persoa “enfadada”.

O home pode presentar dúas actitudes: ou ben se comporta intentando controlar a situación en todo momento ou ben se mostra despreocupado para intentar normalizar os feitos. Así, pode contestar a preguntas dirixidas á muller, utilizar unha linguaxe pouco amable con respecto a ela ou todo o contrario: estar excesivamente atento coa persoa maior e o profesional.

Se ben por razóns de violencia de xénero neste documento adoitase a falar de “parella”, é importante remarcar que nunha boa parte dos casos de mulleres maiores con dependencia as tarefas de atención e coidado prolongado son cubertas polos cónxuxes ou compañeiros varóns, polo que coidador e parella poden solaparse de maneira moi habitual.

Ademais destas posibles actitudes tanto da vítima como do agresor, poden aparecer outros signos:

- 1.** Indicadores de maltrato físico: feridas, contusións, fracturas, luxacións, escordaduras recorrentes, abrasións ou laceracións, lesións na cabeza, cara, palmas das mans e plantas dos pés, queimaduras, rabuñadas e somnolencia por altas doses de psicótropos.
- 2.** Indicadores de maltrato psíquico: extrema cautela por parte da parella, ameazas de abandono e/ou institucionalización, depresión, confusión, imposición de illamento físico ou social e ameazas á muller por parte da parella para controlar a situación.

- 3.** Indicadores de negligencia física: malnutrición ou perda de peso, deshidratación, mala hixiene corporal, boca moi séptica, roupa inadecuada para a época actual ou sucia, repetidas caídas, impactación fecal, lentes rotas ou ausencia das mesmas cando son necesarias, hipotermia ou hipertermia non detectada, signos de intoxicación medicamentosa ou incumprimento terapéutico, contracturas articulares por falta de mobilidade, úlceras por presión en mal estado.
- 4.** Indicadores de negligencia psicolóxica: depresión, confusión, desorientación, ansiedade, perda da autoestima, mínimas conversacións entre a muller e a parella, actitude de indiferenza cara á muller por parte do responsable dos malos tratos. Negación da posibilidade de relacionarse con outras persoas e perda da capacidade de toma de decisións por parte da muller.
- 5.** Indicadores de abuso sexual: referidos ao aparato xenital, contusións, erosións, hematomas, lesións, sangrado vaxinal/rectal. Tamén lesións noutras zonas do corpo como os peitos, ou medo a mostrar a zona xenital.
- 6.** Indicadores de abuso económico: retirada de diñeiro irregular ou atípica, cambio de testamento, extravío de xoias ou efectos persoais, ou ben o nivel de atención recibida non se corresponde cos seus ingresos ou medios.

## POSIBLES ERROS DE ACTUACIÓN DOS PROFESIONAIS

Os profesionais poden cometer erros ante as situacións de violencia de xénero. Son factores de indución os seguintes:

1. Estar inmersos no mesmo proceso de socialización que o resto da sociedade.
2. Non considerar a violencia como un problema de saúde.
3. Experiencias persoais respecto á violencia.
4. Crenza de que a violencia non é tan frecuente.
5. Intento de racionalización da conduta do agresor.
6. Dobre vitimización da muller, é dicir, a muller maltratada, culpada da súa situación de maltrato.
7. Medo a ofender á muller ou a empeorar a situación.
8. Formación fundamentalmente bioloxicista na abordaxe de problemas psicosociais.
9. Escasa formación en habilidades de comunicación.
10. Temor ao aumento da ira do responsable do maltrato.
11. Descoñecemento das estratexias para o manexo destas situacións. Falta de información.
12. Non querer involucrase en cuestións legais.

**13.** Descoñecer que os fillos e fillas tamén son vítimas da violencia de xénero.

# **RECURSOS A DISPOSICIÓN**

## INTRODUCCIÓN

Os profesionais, e máis aqueles que atenden, educan e coidan persoas, deben tomar conciencia da importancia que implica a detección temperá da violencia de xénero e a asistencia ás vítimas, para así poder axudalas, poñer fin ao seu sufrimento e reducir o número de casos con resultado de morte.

Dado que non existe un perfil único de muller vítima de violencia de xénero, tampouco existe un itinerario tipo a través dos recursos dispoñibles. En todos os casos a atención deberá ser individualizada, adaptándose ás necesidades persoais de cada vítima. Así mesmo, os procesos de derivación deberán ser flexibles e corresponderá a cada profesional escoitar á vítima para decidir xunto a ela que recurso é o máis apropiado en cada momento. Non hai mulleres iguais nin situacións idénticas, polo que é preciso que os recursos se adapten ás mulleres e non ao contrario.

O máis recomendable é que o persoal anime ás mulleres a acudir a centros ou asociacións que ofrezan asesoramento sobre violencia de xénero, dado que alí atoparán profesionais máis especializados nesta área e poderán traballar xunto ás vítimas nos próximos pasos a dar.

No caso das mulleres maiores téñense detectado barreiras específicas para acceder aos recursos contra a violencia de xénero, tanto internas, entre as que se atopan o sentimento de culpa, como externas. Moitas non perciben a dispoñibilidade dos apoios viables precisos para deixar as relacións de maltrato ou abusivas que teñen a carón das súas parellas. Incluso as crenzas relixiosas téñense identificado como unha gran barreira para buscar axuda neste período da vida. Por iso é aínda máis imprescindible o esforzo de escoita e atención continua que deben facer os profesionais das residencias.

Nas páxinas que seguen aparecen os principais recursos a disposición das vítimas, que os profesionais dos centros deberán coñecer.

## TELÉFONOS E APLICACIÓNS DE ATENCIÓN

**Teléfono da Muller.** Consiste nun servizo da comunidade autónoma, gratuíto e anónimo, que funciona as 24 horas do día, dende calquera teléfono fixo ou móbil, e con cobertura para toda Galicia. Nel atópase un equipo multidisciplinar que está coordinado cos diferentes profesionais de toda Galicia. O Teléfono da Muller é o 900 400 273.

**Teléfono 016.** Consiste nunha atención telefónica e online, 24 horas ao día, 365 días ao ano, en todo o territorio español. Dita atención ten a posibilidade de facerse en 52 idiomas diferentes: castelán, catalán, euskera, galego, inglés, francés, alemán, portugués, chinés mandarín, ruso, árabe, rumano, búlgaro, tamazight e outros 38 idiomas a través dun servizo de teletradución. A atención é gratuíta e realízaa un profesional que ofrece asesoramento xurídico e información ás mulleres vítimas de violencia de xénero, así como ao seu contorno. Tamén deriva chamadas a outros servizos: chamadas de emerxencia ao 112, chamadas realizadas por menores de idade ao teléfono ANAR de Axuda a Nenos e Adolescentes (900 202 010) e chamadas relacionadas coa trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual ao teléfono do Ministerio do Interior: 900 105 090.

As persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala poden comunicarse co servizo telefónico 016 a través dos seguintes medios: teléfono de texto (DTS) a través do número 900 116 016, servizo Telesor a través da propia páxina web de Telesor ([www.telesor.es](http://www.telesor.es)) ou servizo de videointerpretación SVIsual a través da súa páxina web ([www.svisual.org](http://www.svisual.org)).

**Servizo telefónico de atención e protección para mulleres vítimas de violencia de xénero (Atenpro).** A diferenza dos dous servizos anteriores, este consiste na subministración dun terminal telefónico que está permanentemente conectado a un centro de atención. Polo tanto, non implica soamente a atención telefónica, senón que tamén implica dispoñer dun soporte móbil que a vítima debe levar sempre consigo para a súa maior seguridade. Máis información no 900 222 292.

**Aplicación EscAPP.** É unha aplicación para dispositivos móbiles, tanto co sistema Android como IOS. Trátase dun recurso da Xunta de Galicia en colaboración co Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG). O obxectivo principal é achegar información de utilidade ás mulleres que se atopan nunha situación de violencia de xénero e a todas as persoas que poidan axudar a acabar con este tipo de situacións. A aplicación dispón de oito ítems moi prácticos:

1. Primeiros sinais do maltrato. Para identificar situacións de maltrato.
2. Que facer. Consellos e indicacións de como proceder tanto se se é unha vítima como unha persoa con coñecemento dunha situación deste tipo.
3. Tips para a túa seguridade. Pautas de actuación para quen estea vivindo situacións de violencia, tanto se aínda non abandonou dita situación como se xa puxo a correspondente denuncia.
4. Preguntas frecuentes. Respostas ás preguntas que as mulleres que padecen violencia de xénero realizan de xeito recorrente, sobre todo en relación coas denuncias, a orde de protección e os recursos dos que pode dispoñer.
5. Preto de min. Activa, a través do xeoposicionamento da vítima ou da persoa que use a app, todo o directorio de recursos existentes no territorio de Galicia, como os centros de información á muller, comisarías, hospitais, xulgados específicos...
6. Directorio. Recolle os datos completos da totalidade dos recursos existentes en Galicia, tales como os enderezos ou os teléfonos.
7. Chama e infórmate. Soamente con premer esta opción se establece a chamada directa co 016 ou co teléfono 900 400 273, de información ás mulleres.
8. Galería audiovisual. Enlaza coa canle que a Secretaría Xeral da Igualdade ten activa en YouTube, na que se expoñen diferentes produtos audiovisuais que se elaboran en sucesivos proxectos.

**Aplicación AgresiónOFF.** Válida tamén para móbiles cos sistemas Android e IOS, é unha aplicación da Xunta de Galicia con información útil e consellos para evitar e prever agresións sexuais, e con pautas para saber a onde dirixirse para maior apoio e información. Inclúe os seguintes apartados: Decálogo contra a violencia sexual, Que facer, Onde acudir para pedir axuda, Chama para informarte, Teléfono de emerxencia e Programa específico.

**Asesoramento xurídico online.** Profesionais especializados na materia ao servizo da Secretaría Xeral da Igualdade xestionan un servizo

online para proporcionar, de maneira gratuíta, información e asesoramento xurídico sobre diversas cuestións, entre elas a violencia de xénero. Accédese a el a través da seguinte dirección web: <http://igualdade.xunta.gal/gl/content/asesoramento-xuridico-line>.

**Servizo de teletradución.** Un servizo de teletradución posto en marcha pola Xunta no ano 2011 presta atención en 51 idiomas a mulleres vítimas de violencia de xénero. Este servizo está dispoñible nun cento de puntos: centros de información á muller, casas de acollida, o Cemvi, o CRI, 11 oenegués...

## CENTROS DE ATENCIÓN

**Centros de información á muller (CIM).** Os CIM son máis de 80 entidades repartidas por todo o territorio galego e que se atopan reguladas polo Decreto 182/2004, do 22 de xullo, no que se establecen os requisitos para o seu recoñecemento e funcionamento. A súa ubicación pode coñecerse nesta web: <http://igualdade.xunta.gal/es/recursos/centros-de-informacion-las-mujeres>. A súa misión é acadar tres obxectivos fundamentais: a información, a formación e a imaxe da muller. Estes centros proporcionan ás vítimas asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional, información en materia de recursos dispoñibles no ámbito territorial e calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade real das mulleres. Por iso, traballan seguindo unha serie de principios:

1. Anonimato de identidade das usuarias.
2. Gratuidade.
3. Respecto á vontade das usuarias na busca de posibles solucións e alternativas das consultas expostas.
4. Confidencialidade por parte do persoal do CIM.

Os seus principais campos de intervención son os seguintes:

1. Asesoramento xurídico. En temas de dereito de familia, maltrato, orde de protección, xustiza gratuíta, dereito penal, dereito civil, discriminación sexual ou acoso laboral, entre outros.
2. Asistencia psicolóxica. En tres ámbitos: un programa de apoio para tratar dificultades na vida en parella (insatisfacción, crise na parella, ruptura de parella, preocupación polas consecuencias nos fillos e fillas); un programa de atención a menores, pensado para que fillos e fillas das vítimas de violencia de xénero non asuman como normal a violencia, e un programa de atención a vítimas de violencia de xénero. Este último consiste no acompañamento, análise e comprensión clínica dos conflitos. Trabállase, entre outros campos, sobre as experiencias vividas, a sintomatoloxía asociada e as consecuencias da propia experiencia traumática: baixa autoestima, sensación

de impotencia, angustia, vergoña, confusión entre vínculo afectivo e dependencia, desconfianza nas propias percepcións e distorsións no criterio da realidade.

**3.** Asesoramento laboral. Consiste na inclusión das vítimas en programas específicos para a súa incorporación laboral, e en procesos de derivación aos servizos pertinentes de emprego.

**4.** Asesoramento social. Prestado en temas tales como os dereitos das vítimas, información sobre as alternativas para rematar coa situación de malos tratos, creación de novas oportunidades e ruptura co ciclo de violencia ao que se ven sometidas.

En resumo, as súas tarefas principais son: informar ás mulleres vítimas sobre os recursos que teñen ao seu alcance, desenvolver programas de intervención, xestionar a tramitación das axudas correspondentes e derivar á muller aos servizos sociais especializados se a situación persoal o require.

**Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero (CRI).** Segundo o artigo 49 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, o CRI é unha entidade creada pola Xunta que debe desenvolver un modelo de atención integral, baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico. Ha de actuar como un centro coordinador da Rede Galega de Acollemento. O Decreto 1/2014, de 9 de xaneiro, regula a creación deste centro, que se atopa en Santiago e cuxas funcións son as seguintes:

- 1.** Coordinación da Rede Galega de Acollemento.
- 2.** Tramitación das derivacións das vítimas de violencia de xénero fóra de Galicia e recepción das que cheguen á nosa comunidade derivadas dende outras partes de España.
- 3.** Formación na loita contra a violencia de xénero, tanto para profesionais como para o voluntariado e a cidadanía en xeral.
- 4.** Colaboración co Punto de Coordinación das Ordes de Protección de Galicia.

**5.** Impulso da creación de grupos de autoaxuda, intervención e coñecemento entre mulleres que teñan sufrido, vivido e superado situacións de violencia de xénero.

As persoas usuarias deste centro serán aquelas que teñan acreditada a situación de violencia de xénero nos termos establecidos no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, así como as persoas dependentes destas mulleres.

Os seus principios de traballo son os seguintes: tratamento integral, perspectiva de xénero, coordinación, cooperación, igualdade e solidariedade.

**Centros de acollemento para mulleres maltratadas.** Constan dos seguintes recursos:

- 1.** Casas de acollemento na Coruña, Ferrol, Culleredo, Lugo e Ourense.
- 2.** Centro de emerxencia para mulleres en Vigo (Cemvi). A súa finalidade é proporcionar un aloxamento inmediato e de curta estancia (máximo de tres meses) para as mulleres que se atopan nunha situación de malos tratos e para as persoas delas dependentes, garantíndolles un acollemento de emerxencia mentres se valora a súa situación ou se efectúa unha derivación a outro recurso máis idóneo. Neste centro admítense mulleres maiores de idade vítimas de malos tratos físicos, psíquicos, económicos ou sexuais, e as persoas delas dependentes, en ningún caso varóns maiores de idade. O centro consta dun equipo multidisciplinar formado por estes perfís: directora, avogada, psicóloga, traballadora social, educadoras sociais e persoal de servizos xerais.
- 3.** Vivenda tutelada especializada para mulleres vítimas da violencia de xénero con enfermidade mental. En Cervo (Lugo), ten 4 prazas.

**Traslados en taxi á Rede Galega de Acollemento.** En virtude dun convenio coa Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (Fegataxi), a Xunta apoia o traslado das mulleres vítimas da violencia de xénero e dos seus fillos e fillas a calquera dos centros que conforman a Rede Galega de Acollemento, cando as especiais circunstancias da vítima, valoradas convenientemente polos servizos sociais (municipais ou autonómicos), imposibiliten o seu traslado por outros medios.

## OUTROS RECURSOS

**Axudas económicas e inserción sociolaboral.** Son as seguintes:

1. Renda activa de inserción (RAI) para vítimas de violencia de xénero e violencia doméstica, xestionada polo Servizo Público de Emprego (SEPE).
2. Axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero, xestionadas pola Secretaría Xeral da Igualdade.
3. Axudas e indemnizacións para mulleres vítimas de violencia de xénero, xestionadas pola Secretaría Xeral da Igualdade.
4. Plan rehaVlta (o plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda para o ano 2019 conta con asignación específica para vítimas de violencia de xénero).
5. Indemnizacións económicas para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por violencia de xénero, xestionadas pola Secretaría Xeral da Igualdade.
6. Axudas económicas, xestionadas pola Secretaría Xeral da Igualdade, para as mulleres feridas gravemente, con lesións que requiran hospitalización.
7. Bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero, xestionado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
8. Subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, xestionadas pola Secretaria Xeral da Igualdade.
9. Programa de apoio socioeducativo e de asesoramento administrativo para orfas e orfos de vítimas de violencia de xénero.

### **Atención psicolóxica.** Inclúe o seguinte:

- 1.** Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero e para as e os menores e outras persoas do seu contorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero. É un programa desenvolvido a través dun convenio de colaboración asinado entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicología de Galicia, quen ten por obxecto a atención psicolóxica especializada en situacións de violencia de xénero. O acceso ao servizo é gratuíto e garante unha resposta rápida. Máis información no 629 777 595.
- 2.** Abramos o Círculo. Programa para homes con problemas de control de violencia. Consiste nun programa de atención psicolóxica especializada e de apoio, financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, e dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas e violentas nas relacións de parella, coa súa familia ou co seu círculo social, e que desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade. Este programa ofrece dúas áreas de actuación: información e intervención psicolóxica personalizada. O acceso é gratuíto e anónimo. Tamén é un recurso ofrecido polo Colexio Oficial de Psicología de Galicia. Máis información no 630 170 140.
- 3.** Programa de intervención terapéutica con mulleres que sufriron violencia sexual. Desenvolvido a partir da colaboración da Xunta coa Fundación Meniños, este plan vai dirixido a mulleres vítimas de abuso e violencia sexual que sofren desaxustes físicos, emocionais, condutuais e relacionais como consecuencia do abuso. Tamén poden ser usuarios os seus familiares ou persoas baixo o consentimento da vítima, que cumpren un papel imprescindible na recuperación. O programa está aberto ademais para os equipos profesionais da rede que traballan coas vítimas da violencia: profesionais de centros de acollida, profesionais sanitarios... Máis información no 607 116 642.
- 4.** Quenda de garda. Tamén en virtude do convenio asinado co Colexio Oficial de Psicología de Galicia, a Xunta ofrece un servizo de garda psicolóxica especializada e permanente para as mulleres que sofren violencia de xénero e para os seus fillos e as súas fillas menores. Esta medida actívase cunha chamada ao teléfono 900 400 273, que pode ser realizada -24 horas, 365 días ao ano- pola propia vítima ou polas forzas e corpos de seguridade do Estado. Desde este teléfono poñeranse en contacto coa persoa da quenda de garda correspondente para garantir a presenza inmediata dun psicólogo ou psicóloga no lugar sinalado.
- 5.** En sede xudicial. A Xunta está habilitando salas de agarda específicas para vítimas de violencia de xénero en 36 xulgados galegos.

Nelas as mulleres reciben atención especializada.

**MARCO XURÍDICO**

## UN COMPLETO ORDENAMENTO

Neste apartado o obxectivo é reflectir o desenvolvemento do marco legal no que se atopan os delitos de violencia doméstica e violencia de xénero, de xeito que se faga notar como o avance da sociedade permite unha mellor comprensión actual do que é a vítima de violencia de xénero e a necesidade dunha intervención integral que implique a colaboración de múltiples entidades e profesionais. As referencias comezan no ámbito internacional e rematan no galego.

No ámbito internacional destacan as seguintes políticas:

- 1.** No ano 1945 firmase en San Francisco a Carta das Nacións Unidas, onde quedan reflectidos, entre outros, os seguintes propósitos: manter a paz e a seguridade internacional, fomentar relacións de amizade entre as nacións, empregar a cooperación internacional para a solución de problemas e promover a igualdade de dereitos de homes e mulleres.
- 2.** No ano 1979 a ONU celebra a Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller.
- 3.** No ano 1980 Nacións Unidas, na súa segunda Conferencia Mundial sobre a Muller (Copenhague), declara por primeira vez que a violencia que se exerce contra as mulleres na familia é o crime máis encuberto do mundo e expón a importancia de visibilizar publicamente esta problemática que afecta a un gran número de persoas.
- 4.** No ano 1985 a terceira Conferencia Mundial sobre a Muller (Nairobi) reconece que a violencia exercida contra as mulleres supón un importante obstáculo para a paz.
- 5.** No ano 1993 a Declaración da Asemblea Xeral da Organización das Nacións Unidas de Viena reconece que os dereitos humanos das mulleres e nenas son parte «inalienable, integrante e indivisible dos dereitos humanos universais» e destaca a profunda preocupación polas diversas formas de discriminación e violencia ás que seguen expostas as mulleres en todo o mundo.
- 6.** No ano 1995 a cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller (Beijing) reconece que a violencia de xénero é un obstáculo para o logro

dos obxectivos de igualdade, desenvolvemento e paz. Ademais, menoscaba ou impide o desfrute pola muller dos seus dereitos humanos e das liberdades fundamentais.

**7.** No ano 1996 a 49ª reunión da Asemblea Mundial da Saúde, máximo órgano da OMS, recoñece a prevención da violencia coma unha prioridade de saúde pública.

**8.** No ano 2002 destaca a Recomendación Rec (2002) 5, adoptada polo Comité de Ministros do Consello de Europa, sobre a protección da muller contra a violencia, que condena claramente todos os actos de violencia perpetrados contra as mulleres e as nenas. Inclúe na súa definición sobre a violencia de xénero non soamente as distintas manifestacións que da mesma xa foran recollidas nesta categoría, senón tamén outras novas como “os crimes pasionais, o matrimonio precoz e forzado, o infanticidio das nenas, os ataques de ácido e a violencia relacionada coa explotación sexual comercial e a explotación económica”.

**9.** No ano 2011 o Convenio do Consello de Europa, redactado en Estambul e ratificado por España en 2014, sobre a prevención e loita contra a violencia cara ás mulleres e a violencia doméstica, establece: “O ámbito de aplicación deste convenio abrangue todas as formas de violencia que afectan ás mulleres polo feito de ser muller”. Define a violencia contra as mulleres como unha violación dos dereitos humanos e unha forma de discriminación contra elas, e designa todos os actos de violencia baseados no xénero que implican ou poden implicar para as mulleres danos ou sufrimentos de natureza física, sexual, psicolóxica ou económica, incluídas as ameazas de realizar ditos actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, na vida pública ou na privada.

No ámbito español destacan as seguintes leis, decretos e reformas:

**1.** No ano 1989 inclúese por primeira vez no Código Penal o delito de violencia doméstica habitual. Así, o artigo 425 castiga ás persoas que de forma habitual exerzan violencia física sobre a súa parella ou sobre outra persoa con relación de afectividade como os fillos e as fillas.

**2.** No ano 1995 prodúcese unha reforma no Código Penal, de xeito que o delito de maltrato familiar se inclúe no artigo 153 e queda definido así: “Aquel que exerza violencia física sobre a súa parella ou persoa coa que estea ligado de forma estable por análoga relación de afectividade ou sobre as persoas que estean ao seu cargo”. Con esta reforma, non soamente se amplía a súa cobertura, senón que

aumenta a duración da pena.

**3.** No ano 1999 prodúcese unha terceira reforma do Código Penal. Mediante a Lei Orgánica 14/1999, de 9 de xuño, establécese a non necesidade de convivencia, introdúcese a violencia psíquica e incorpóranse prohibicións de achegarse á vítima, ademais de desenvolverse o termo de “habitualidade”.

**4.** A Lei 27/2003, de 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas da violencia doméstica, establece un novidoso sistema de coordinación dos órganos xudiciais e administrativos, o que permite concentrar nunha única resolución xudicial todas as medidas e instrumentos de protección destinados ao amparo e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero.

**5.** No ano 2003 volve a reformarse o Código Penal mediante a Lei Orgánica 11/2003, do 29 de setembro, de medidas concretas en materia de seguridade cidadá, violencia doméstica e integración social dos estranxeiros. Con esta reforma afirmase que a violencia doméstica ten un alcance pluridisciplinar, reubícase entre as torturas e outros delitos contra a integridade moral, amplíase o círculo das posibles vítimas e especifícase a posibilidade de inhabilitación para o exercicio da patria potestade, sempre adecuado ao interese do menor ou incapaz. Posteriormente, prodúcese unha reforma pola Lei Orgánica 13/2003, do 24 de outubro, con respecto á prisión provisional en materia de violencia doméstica e de xénero, e pola Lei Orgánica 15/2003, do 25 de novembro, coa que se amplía a duración máxima das penas de afastamento e non aproximación á vítima.

**6.** No ano 2004 destaca a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, onde esta se define así: “Manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, exercece sobre elas por parte das persoas que foron ou son parellas ou de quen está ou estivo ligado a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia”. A mesma lei explica que a violencia de xénero comprende todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria da liberdade. Ademais, esta lei recoñece no artigo 19 o «dereito á asistencia social integral», é dicir, que as mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de recuperación integral. Todos estes servizos deben estar organizados polas comunidades autónomas baseándose nos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional. Con esta reforma créanse uns novos órganos xudiciais especializados, os xulgados de violencia sobre a muller.

**7.** En 2005 o Real Decreto 1452/2005, do 2 de decembro, regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Na lei de 2004 establecíase o dereito a percibir unha axuda económica para as mulleres vítimas de violencia de xénero que se sitúen nun determinado nivel de rendas e respecto das que se presuma que, debido á súa idade, falta de preparación xeral ou especializada e circunstancias sociais, terán especiais dificultades para obter un traballo.

**8.** En 2007 destaca a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Con esta lei declárase que “as mulleres e os homes son iguais en dignidade humana, e iguais en dereitos e deberes”. Esta lei ten por obxecto facer efectivo o dereito de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, en particular mediante a eliminación da discriminación da muller, sexa cal sexa a súa circunstancia ou condición, en calquera dos ámbitos da vida e, singularmente, nas esferas política, civil, laboral, económica, social e cultural, para acadar unha sociedade máis democrática, máis xusta e máis solidaria.

**9.** En 2015 a Lei 4/2015, do 27 de abril, do estatuto da vítima, recolle os dereitos das vítimas de delitos, con particular atención aos de xénero.

**10.** En 2018 o Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do pacto de Estado contra a violencia de xénero, introduce modificacións en varios aspectos do ordenamento xurídico, entre as que se atopan a axuda para as vítimas de violencia de xénero, a acreditación de vítima ou cuestións relacionadas cos avogados e procuradores.

Polo que respecta á nosa comunidade autónoma, o artigo 4 do Estatuto de Autonomía sinala que lles corresponde aos poderes públicos galegos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación das galegas e dos galegos na vida política, económica, cultural e social.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, busca a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, prevención e tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren. Regula:

#### **1. Prevención da violencia de xénero:**

**A.** Medidas de sensibilización contra a violencia: campañas, actividades, medios de comunicación, asociacións.

**B.** Medidas de investigación e de formación en materia de violencia de xénero nas universidades e para a totalidade dos e das profesionais.

**C.** Medidas no ámbito educativo: proxectos, materiais, actitudes.

**2.** Protección e asistencia fronte á violencia de xénero:

**A.** Medidas no ámbito sanitario e psicológico: dereito a atención sanitaria, atención psicolóxica, protocolos de actuación e rexistros de casos.

**B.** Medidas no ámbito xudicial: atención xurídica, asistencia letrada.

**C.** Outras medidas de apoio e protección: dispositivos de alarma e programas de intervención con homes en relación coa violencia de xénero.

**D.** Medidas no ámbito da formación e do emprego: plans de igualdade nas empresas.

**E.** Medidas de carácter económico: prestacións, axudas escolares, indemnizacións.

**3.** A organización do sistema de protección e asistencia integral e especializada fronte á violencia de xénero:

**A.** Rede Galega de Acollemento.

**B.** Creación do Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero.

**C.** Rede de información ás mulleres.

- D.** Servizo de atención 24 horas.
- E.** Punto de Coordinación das Ordes de Protección.
- F.** Puntos de encontro familiar.
- G.** Creación de oficinas de atención ás vítimas dos delitos.
- H.** Titularidade e xestión dos servizos públicos, municipal ou autonómica. A súa coordinación e supervisión correspóndelle á Administración da Xunta de Galicia.
- I.** Confidencialidade da información.

Tamén se recollen nesta lei a mediación familiar, as competencias en materia de violencia de xénero da Policía de Galicia, e a creación do Consello Galego das Mulleres e do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, entre outros aspectos.

Con posterioridade chegou o decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da comunidade autónoma en materia de igualdade. Esa norma, entre outros aspectos do ordenamento, derroga a Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, e a 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Trata a perspectiva de xénero na elaboración de leis e regulamentos e no desenvolvemento da actividade estatística do sector público. Recolle tamén as retribucións ás vítimas e trata de erradicar o acoso moral por razón de sexo.

Ademais do marco xurídico anterior, considérase imprescindible mencionar as obrigas xurídicas que teñen as persoas ante unha situación de delito. O artigo 259 da Lei de Enxuízamento criminal reflicte o seguinte: “A persoa que presencia a perpetración de calquera delito público atópase obrigado a poñelo en coñecemento do xuíz ou funcionario fiscal máis próximo”. No artigo 262 establécese dita obriga tamén para as persoas que por razón do seu cargo, profesión ou oficio tivesen noticias dalgún delito público. Por último, no artigo 355 especificase que os médicos teñen a obriga de dar parte das lesións, sempre que se atopen ante un posible feito criminal.